

NOTA DE PRENSA

---

## Día do Libro noMARCO

**Venres 23 abril 2021**

O MARCO celebra o Día do Libro cunha sesión especial de obradoiro para público infantil, e unha nova edición da experiencia de *Bookcrossing* en rede, en colaboración con outros museos e centros de arte.

#DíadoLibro #DíadolLibro2021 #BiblioMARCO

<http://www.marcovigo.com/content/d-do-libro-no-marco-1>



### **4 HISTORIAS / 4 VIAXES**

**Obradoiro conducido por María Xosé Martínez**

**Para participantes de 6 a 10 anos**

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN (versión presencial e virtual) a partir do martes 20 ás 11.00

Unha iniciativa da Biblioteca-Centro de documentación do MARCO con motivo do Día do Libro

Colabora:



## INFORMACIÓN, HORARIOS E INSCRIPCIÓN

---

### **4 HISTORIAS / 4 VIAXES**

#### **Obradoiro conducido por María Xosé Martínez**

Para participantes de 6 a 10 anos

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN (versión presencial e virtual)

**Data:** venres 23 de abril

#### **Horarios:**

**Sesións presenciais:** ás 18.15 e ás 19.30

Lugar: exterior. Praza peonil posterior xunto a Espazo Anexo (traslado a interior en caso de choiva)

**Sesión virtual** (Zoom): ás 17.00

Listas abertas para cada sesión ata completar capacidade (máximo 4 participantes en cada sesión presencial, e 12 participantes na sesión virtual)

#### **Inscripcións a partir do martes 20 de abril ás 11.00**

Por teléfono, email ou persoalmente en taquilla MARCO

[recepcion.marco@gmail.com](mailto:recepcion.marco@gmail.com)

Tel. 986 113900 ext. 100

Horario taquilla: martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00; domingos de 11.00 a 14.30

#### **Normas de acceso e medidas sanitarias** (sesións presenciais):

- Uso obrigatorio de máscara
- Distancia mínima interpersoal
- Desinfección de materiais e uso de xel hidroalcohólico
- Prohibición de consumir alimentos e bebidas durante a actividade

María Xosé Martínez, membro do equipo de didáctica do MARCO e autora con ampla experiencia en actividades educativas para público infantil e familiar, ofrécenos en primicia este obradoiro, cuxo título xoga co da exposición “**4 Proxectos**”, recentemente inaugurada nas salas da planta baixa.

Utilizando cartón, papel e outros materiais básicos, crearemos o noso propio mini-libro tridimensional que contén catro historias relacionadas con aqueles lugares aos que nos gustaría viaxar, nestes tempos nos que a viaxe supón un sono. A nosa imaxinación sen límites é a vía para chegar a calquera lugar, e o texto e as imaxes, as nosas ferramentas para o camiño.

Deixemos voar a nosa creatividade durante unha divertida sesión, cuxos resultados se publicarán na sección Biblioteca da web do MARCO [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com) a xeito de exposición virtual que dará máis visibilidade aos traballos realizados.

## **BOOKCROSSING 2021**

Este ano na rede!

En colaboración con 39 bibliotecas de museos e centros de arte e cultura

#Bookcrossing2021



Un ano máis —e xa van 15— o MARCO súmase á experiencia de *Bookcrossing* promovida dende o ARTIUM de Vitoria-Gasteiz, na que en cada edición participan numerosos museos e centros de arte, e que debido ás medidas preventivas, neste 2021 se conduce a través da rede. Mediante un vídeo conxunto en Vimeo, os centros participantes comparten de xeito virtual as súas publicacións, seleccionando libros que forman parte da súa colección, e uníndose nesta campaña de fomento da lectura e de difusión da cultura contemporánea.

No caso do MARCO, estará presente coas súas publicacións máis recentes: os catálogos das exposicións de **Yolanda Herranz** e **Celeste Garrido**, o libro **Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos**, e o exemplar **Cadernos/Cuadernos** do artista **Jorge Martins**.

---

### **Contacto Dpto. Comunicación e prensa**

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

[comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)